

A EVOLUCIÓN DOS NOSOS NOMES

1. Introducción

2. Orixes

3. Linguas

4. Nomes

5. Conclusión

Bibliografía

1. Introducción


No ano 2008 o daquela Equipo de Normalización Lingüística do CEIP Santa Baia, fixo un estudo dos nomes dos nenos e nenas do colexio, coa fin de saber dos gustos ao respecto na nosa comunidade educativa, así como da situación de uso do galego neste particular eido da nosa cultura e ser.

No presente curso 2020-21, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega retomou o tema para ver como evolucionaron, tanto os gustos e costumes antroponímicos, como a situación de uso do galego neste ámbito.

2. Orixes

Na conformación da cultura histórica dun pobo reúnen ao longo dos tempos diversas influencias que, no tema que nos ocupa, teñen o seu reflexo nos distintos nomes que utilizamos.

Entre as distintas culturas históricas que nos influíron, a maior presenza nos nomes de **nenos** do colexio dáse por parte da cultura clásica grecorromana, cunha porcentaxe do 39,4% dos casos; e da cultura hebreocristiá, cun 32%. Segue a cultura xermana cun 15% dos casos. O 12,6% restante corresponde a nomes de procedencia foránea, entre os que cabe destacar os nomes celtas, vascos ou árabes, con porcentaxes, respectivamente, do 2,6; 1,5 e 1,1%.




Respecto do estudo do 2008, as porcentaxes son similares no caso dos tres grupos predominantes, grecorromano, hebreocristián e xermano, mentres que entre os grupos minoritarios aprézase un incremento dos nomes celtas (como Ethan, Liam ou Kevin), cun 1% dos casos en 2008, e un descenso dos vascos (como Asier ou Ander), que no 2008 supuñan un 3%.

No que se refire aos nomes de **nenas**, tamén son os grupos grecorromano, hebreocristián e xermano, os predominantes. Pero aquí aprézase notablemente un maior dominio do elemento grecorromano. Así, respectivamente, cada un destes grupos supoñen un 53,1; 16,7 e 10,4%. Outro aspecto diferencial co caso dos nenos, é que nas nenas os nomes de orixe foránea son máis abundantes, chegándose a unha porcentaxe do 15,7%, destacando aquí os nomes vascos (como Ainhoa ou Arantza), cun 3,1% dos casos; e árabes (como Soraya ou Salma), cun 2,7%. É tamén destacábel a porcentaxe de nomes que no caso das nenas nos resultan de orixe descoñecida, un 4,1% (como Alaysha ou Ainara), mentres no caso dos nenos supuña só un 1% (como Nauzet).

Cando falamos de descoñecida referímonos á súa orixe etimolóxica, aínda podéndose coñecer dun nome a súa procedencia, dándose así casos de nomes relativamente comúns ou coñecidos, como Iria ou Jimena, no caso das nenas; ou Roque ou Arturo, no caso dos nenos; de orixe incerta.

Tamén é de notar a maior variabilidade dos nomes no caso das nenas, ao se daren tamén, en pequenas porcentaxes, nomes franceses (Dominique), rusos (Tatiana), ibéricos (Vega), celtas (Brianis), amerindios (Kiara) ou hindúes (Uma). Así, hai un total


de 132 nomes distintos de nenas, á marxe das repeticións que cada un poda ter, por 115 de nenos.



Na comparación co estudo do 2008, a tendencia dos nomes de nenas é similar.


3. Linguas

Tanto no caso dos nenos como das nenas, a maior porcentaxe de nomes correspóndese con aqueles válidos tanto para o galego como para o castelán, cun 63% nos nenos e un 67,6 nas nenas. Estamos a referirnos a nomes como Pedro, Miguel ou David; ou Claudia, Paula ou Eva; por exemplo. As anteriores porcentaxes incrementáanse levemente respecto do estudo do 2008 (55 e 61% respectivamente).



Se atendemos a cada lingua en particular, o idioma menos representado nos nomes do colexio é o **galego** (Xaquín ou Mariña), cun 8,8% dos casos no caso dos nenos e un 7,5% entre as nenas. Mentres, o **castelán** (Sergio ou Ángela) alcanza entre os nenos un 17,6% e entre as nenas un 11,2%.

Dado que galego e castelán conviven desde hai séculos en Galicia, que predomine un ou outro pode darse como feito normal. Sen embargo, se reparamos en que mesmo os nomes **foráneos** (Badayco ou Siena), cun 9,9% no caso dos nenos e un 12,9% nas nenas, resultan máis abundantes que os exclusivamente en galego, incluso no caso das nenas máis abundantes que os nomes exclusivamente en castelán; tal feito deixa á lingua propia de Galicia nunha situación moi pouco favorable.



Non se está aquí a discutir o dereito de cadaquen a pór o nome que estime conveniente, loxicamente, en función, como dixemos ao principio, das distintas achegas culturais que integraron, e continúan hoxe integrando, a nosa cultura, achegas que se producen actualmente polo maior movemento da poboación en relación a épocas pasadas ou a propia dinámica de comunicación global na que vivimos, desde áreas como a hispana ou a latinoamericana por exemplo.

Xa no 2008 a situación era pouco propicia para o galego, cun 10% de nomes en galego, 19% en castelán e 15% para outras linguas, no caso dos nenos; manténdose máis igualadas as porcentaxes naquel entón para as nenas, cun 10% para o galego, castelán e casos foráneos.

Pódese falar así dun empeoramento no uso do galego nos nosos nomes, moito máis claro no caso das nenas.

4. Nomes

No caso dos **nenos**, os nomes máis abundantes no colexio son:

1. **Alejandro**, e os seus derivados en galego, castelán e, mesmo, outras linguas (Alexandre, Alexander, Alexis, Alex), con **14 casos**. **Orixe:** grega. **Significado:** defensor, protector.
2. **Manuel**. **13 casos**. **Orixe:** hebrea. **Significado:** Deus está con nós.
3. **Mateo**. **12 casos**. **Orixe:** hebrea. **Significado:** Don de Deus.
4. **Hugo**. **8 casos**. **Orixe:** xermana. **Significado:** xuizoso, intelixente.
5. **Marcos**, e o seu derivado galego, Marco. **8 casos**. **Orixe:** romana, latina. **Significado:** derivado de Marte, deus da guerra.
6. **David**. **8 casos**. **Orixe:** hebrea. **Significado:** amado, apreciado.
7. **Santiago**, e derivados como Iago. **8 casos**. **Orixe:** galaicocristiá/hispanocristiá. **Significado:** derivado de San Xacobe/Jacobe, que significa o segundo, o que ven detrás.
8. **Gabriel**. **7 casos**. **Orixe:** hebrea. **Significado:** home de Deus, enviado de Deus.
9. **Nicolás**, e o seu derivado Nico. **7 casos**. **Orixe:** grega. **Significado:** conquistador, vitorioso.
10. - **Adrián**. **6 casos**. **Orixe:** grecorromana. **Significado:** derivado do mar Adriático, que significa sombrío, escuro.
 - **Daniel**. **6 casos**. **Orixe:** hebrea. **Significado:** Deus é o meu xuíz.
 - **Pablo**. **6 casos**. **Orixe:** romana. **Significado:** pequeno, derivado dun alcume dun membro dunha gens romana de baixa estatura.

No 2008, os 10 nomes máis abundantes eran: Manuel (20 casos); Alejandro (14); David (10); Daniel (9); Pablo (8); Javier (7); Carlos, Iván, José e Juan (6). Os cinco primeiros

coinciden na actualidade, non así os demais, dos que, existindo algún caso, non se achán entre os maioritarios.

No caso das **nenas**, os nomes máis abundantes son:

1. **Noa. 11 casos. Orixe e significado:** hai tres posibles orixes para este nome, romana, derivado dunha cidade de Etiopía; hebrea, sendo neste caso, ben a forma feminina de Noé, que significa *manso, apacible*; ben derivar da forma hebrea Noah, que significa *aliviar*.
2. **Carla**, e os seus derivados Carlota ou Carolina. **11 casos. Orixe:** xermana. **Significado:** forte.
3. **Julia**, e o derivado galego Xulia. **8 casos. Orixe:** romana. **Significado:** derivado da familia romana Iulia, dedicada a Xúpiter, que significa deus pai, lucente, brillante.
4. **Candela. 7 casos. Orixe:** latina. **Significado:** candeia, luz.
5. **Sabela**, e o derivado castelán Isabel. **7 casos. Orixe:** hebrea. **Significado:** xuramento de Deus, Deus dá.
6. **Lucía. 7 casos. Orixe:** latina. **Significado:** luz, nacida coa primeira luz do día.
7. **Paula. 6 casos. Orixe:** romana. **Significado:** como Paulo ou Pablo, pequena.
8. **Lía. 6 casos. Orixe:** hebrea. **Significado:** dúas posibilidades; a primeira, derivado do personaxe bíblico Lea, á que se alude polos rabaños de vacas do seu pai; segunda, feminino de Leo (león/leoa).
9. **Ainhoa. 6 casos. Orixe:** vasca. **Significado:** advocación mariana.
10. – **Lara. 5 casos. Orixe:** romana. **Significado:** derivado da ninfa do Lacio, Lara a larateira; outra posibilidade é que derive de lar, fogar.
 - **Sara. 5 casos. Orixe:** hebrea. **Significado:** princesa.
 - **Enma/Emma. 5 casos. Orixe:** xermana. **Significado:** forte, nodriza.

No 2008, os 10 nomes máis abundantes eran: Laura e María (13 casos); Lucía e Paula (10); Alba (8); Carla, Lara e Sara (7); Ana, Andrea e Elena (6). No caso das nenas, os

nomes maioritarios daquela son hoxe máis minoritarios, mentres que coinciden entre os máis comúns Paula, Carla, Lara e Sara.

5. Conclusión

As conclusións que podemos extraer deste estudo son basicamente dúas:

A primeira, que os gustos sobre os nomes non cambiaron moito desde hai máis dunha década na nosa comunidade educativa, xa que algúns dos nomes maioritarios de por aquel entón seguen a ser predominantes actualmente, tanto no caso dos nenos como das nenas. Iso si, hai algúns nomes que sufriron unha perda importante no seu uso. Esta variabilidade nótase máis no caso das nenas, coas que xa víamos tamén unha maior presenza que no caso dos nenos de nomes de orixe foránea.

A segunda conclusión, de carácter meramente lingüístico, é o papel cada vez máis restrinxido que o galego ten en usos oficiais ou normalizados como os nomes, e que afecta tamén a outros aspectos da nosa vida, tal e como reflectiron as enquisas sociolingüísticas realizadas por este mesmo equipo a comezo de curso.

So nós somos competentes para o coidado do noso patrimonio, aquilo que contribúe a nos identificar como colectivo. Se perdemos ese patrimonio, non cabe dúbida que perderemos algo de nós mesmos.

Bibliografía

FEIXÓ CID, XOSÉ (2003). *Dicionario galego dos nomes*. Xerais.

EL CORREO GALLEGO – MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1993). *Mil catrocentos dez nomes galegos*. Compostela.

FERRO RUIBAL, XESÚS (1992). *Dicionario dos nomes galegos*. Ir Indo.

CEIP SANTA BAIA (2008). *Os nosos nomes*. Inédito.